

Sucos de bágoas

Amorosas luzadas de ternura

ARMANDO REQUEIXO

Dicía Balzac que o amor era a poesía dos sentidos. E abofé que un está por crelo tras a lectura de *O único que queda é o amor*, o último libro de Agustín Fernández Paz, pois poucas formas máis fermosas se me ocorren para contar-nos sobre da melancolía, a ternura, a fidelidade, a paixón, a tristura ou a lembranza que este monllo de dez historias nas que os sentidos todos ouvean ao sol e á noite que o grande motor do mundo non é outro que o amor.

Un amor, doutra parte, que, como descomunal forza da existencia, toma forma en moi diversos moldes ou continentes e, así, os relatos deste libro visitan tanto o namoramento orixinario e indeleble do primeiro bico coma o amor alén da morte, igual a ledicia do encontro amoroso inesperado que a procura dun amor descoñecido, mesmo as ironías da convivencia e o amor universal fraterno teñen o seu lugar nestas páxinas, nas que, cómpre dicilo, o infausto predomina e o resaibo do desamor paira na práctica totalidade dos contos.

Ora ben, como unha trabe subterránea –talvez menos evidente pero non por iso

RESAIBO DO

DESAMOR ANDA A

PAIRAR NA

PRÁCTICA

TOTALIDADE

DOS CONTOS

menos decisiva—percíbese nestas planas unha cardinal vontade metaliteraria. Fernández Paz recorre a citas iniciais, reproducións de fragmentos narrativos e, sobre todo, poéticos e aínda a alusións bibliográficas para persuadirnos de que a compañía dos libros e, antes nada, daqueles que nos marcaron como lectores e como seres é imprescindible para nos comprender, para entendermos o mundo e as súas idas e vindas. De aí a profusión de material literario posprocesado do que fai gala o escritor vilalbés, que, lonxe de ocultar as fontes das que bebe, ponas baixo o foco invitándonos a vitalas pa-

ra saciar nelas a nosa sede de boa e grande literatura, dende Orhan Pamuk (dun texto do cal se extrae o título da obra) ata José Ángel Valente, pasando por Wong Kar Wai, os Grimm, Pablo Neruda, W. B. Yeats, Xesús M. Valcárcel, Paul Éluard, Antonio Martínez Sarrión, Paul Auster, Xulio López Valcárcel, Scott Hicks, Manuel Rivas, Joan Margarit, Georges Perec, Celso Emilio Ferreiro ou Franz Kafka.

O amor, xa se dixo, leva consigo indefectiblemente o reverso amargue do desamor, que, nestes contos, comparece ora por mor do esquecemento, ora por causa da indecisión ou do azar e, claro está, pola súa interrupción coa morte. Aínda que tamén hai historias nas que este sentimento, deliciosamente rabudo, prolonga a súa esencia máis alá do físico, como en

cando en vez dorme, acaba por deixar ir en soños entretamentos menores como “Loanza da filatelia” e redundancias, non por conscientes menos opinables, como “Meditación ante o álbum de fotos familiar”, que pouco achega xa cando foi amplamente superado por *Corredores de sombra*.

Dez relatos como dez amorosas luzadas de ternura. Dez creacións que foron nacendo ao longo dos anos e, en moitos casos, tiveron versións primeiras en publicacións periódicas, volumes colectivos e outros soportes para logo ser aquí revisitados na súa redacción definitiva. Dez narracións coas que soubo fundir a súa maxia creadora o pintor alacantino Pablo Auladell, responsable da cuberta e as ilustracións que acompañan esta obra chea de lecturas, de amores e de memorias envoltas en

SUCOS



“Esta estraña lucidez” ou “Unha historia de fantasmas”; textos de xorne fantástico que se contan entre o mellor da compilación, co permiso, xaora, do antolóxico “Un radiante silencio”. E, como Homero tamén de

de bágoas, líquido destilar de poderosos sentimentos.

FERNÁNDEZ PAZ, Agustín, *O único que queda é o amor*, Ed. Xerais, Vigo, 2007, 175 páxinas.